


Edición do autor en papel (non se vende):

ISBN: 978-84-16121-51-9

DL: C-1145-2016

Edita: Sacuntos, S. Coop. Galega



Edición dixital con fotos e audio:

http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/lit/contos/

ogalego.eu // ogalego.gal


Galego: exercicios e pseudónimos de Anxo González Guerra e Vitoria Ogando Valcárcel ten unha Licenza Creative Commons Atribución-Uso non-comercial-Compartida pola mesma licenza 3.0 Unported



OS CONTOS DO AVÓ ANXO PARA O NETO ALDÁN

Agora xa xubilado e con tempo libre, antes de que a memoria me comece a fallar vouche contar uns poucos contos do que fun vendo polo mundo, [Aldán](#). Para que os poidas ler dentro duns anos cando xa sexas maior e mentres..., ímolos compartindo na Internet.

Anxo González Guerra



LIMIAR

Esta é unha das primeiras fotos que gardo de teu avó contigo en brazos, Aldán. Din que un fillo cambia a vida, e é certo. Pero aínda máis parece cambiala un neto, e iso que ti (polo menos nos primeiros anos) estás lonxe de nós.

Foi co teu nacemento cando se decidiu a comezar a escribir todas esas historias que nas reunións familiares tantas veces lle tiñamos escoitado. Mira que eu lle tiña dito que era moi bo escritor! Mira que lle tiña pedido veces (xa desde que eramos mozos) que escribise algunha historia! Mais nunca se puxo ao choio ata a túa chegada.

Aquí temos o resultado: son para ti, para que os leas moitas veces e nunca esquezas de quen vés sendo.

Vitoria, a túa avoa.





CONTOS DOS DEVANCIROS DO AVÓ ANXO

Aldán, ti es a [13ª xeración de González da Casa de Baixo de Trasar de Carballo](#). Aquí che van unhas poucas historias de tempos pasados.

O noso devanceiro José Francisco González Sotelo (nado o 19-XI-1715) casou con M^a Antonia Álvarez, filla de Amaro López e María Álvarez. A antepasada M^a Antonia leva o apelido da nai porque había o costume de que as mulleres levasen o apelido da nai e os homes o do pai. A que non o sabías, Aldán? Pois iso pasaba no Trasar do século XVIII. E aparece como cabeza da familia no Catálogo do Marqués de Ensenada de mediados do XVIII: *Joseph Gonzalez casado suhedad 36 años, tiene un hijo menor tres hijas, y en su compañía Lazaro Gonzalez de 66 años Casado, hun hermano mayor ciego y dos tias. No Reyno de Galicia, Provincia de Lugo, Coto de Sn. Hestevan de Cartelos.* A facenda da casa era nese tempo: 3 bois, 3 vacas, 2 becerros de dous anos cada un, 1 becerro de un ano, unha porca de un ano cun leitón de un mes, 3 porcos de un ano cada un, 12 ovellas. Grazas ao tío Ánxel (cura de Lousada) [temos a árbore xenealóxica](#) desde 1600 e pico. (só nos falta brasón e escudo nobiliario!!!)

Nun documento notarial de 3-V-1883 o noso antepasado Juan Glez. Glez. (avó da miña avoa) paga a J.F.C. 3.340 reais, equivalentes a 835 pts. K.F.C. obrígase a buscarlle substituto legalmente a José Vicente Glez. Grande no exército de Ultramar, para o que foi declarado soldado. Enténdese que Juan contratou un intermediario para que buscase un mercenario que fose no lugar do fillo José á guerra alá en Cuba ou Filipinas, porque quen tiña cartos podía librar legalmente do exército. Este tío José

antes de morrer xa foi levado a Santiago, cousa moi cara naqueles tempos. Parece que estaba moi mal da próstata, que non podía descargar. Como morreu en Santiago non puideron traer o corpo e fixéronlle unha foto ao cadáver, foto que a súa afillada (a miña avoa) tivo nun cadro do comedor moitos anos cando eramos rapaces e nos daba algo de medo mirala, de feito anos despois algún deses rapaces xa de maior acabou botándoa ao lume. Como para trasladar un cadáver había que pedir permisos e pagar impostos en cada concello polo que pasaba, cando era posible, se era cerca, facíase un traslado nocturno ás escondidas e dábbase parte da morte ao chegar. Aínda meu pai colaborou nunha destas viaxes clandestinas ata Vales, que xa está na provincia de Ourense. E un parente da Vitoria que era taxista en Ourense sentaba ao falecido no coche coma que ía durmindo e tiraba para adiante. Eran tempos!

Sendo neno meu pai pecharon por orde do goberno o muíño das Veigas. A xente sóuboo porque chegou a Trasar o Cubano berrando:

-Ya no muele el molino, ya no muele el molino. E logo repetía:

-¿Y Franco estará enterado de que ya no muele el molino?

Resulta que os retornados de Cuba falaban castelán toda a vida. Na Casa de Baixo consérvase un papel no que un cuñado do meu bisavó lle encarga a este o coidado dos bens e fillos mentres emigra a Cuba: "*que necesito marchar de mi casa para ganar un gornal y como dueño de mis intenciones Doy Poder á mi cuñado Anguel Gonzalez Para que trabaje mis bienes y los cuide segundo posible durante nobuelba, Pagando Rentas y contribuciones sin otra cosa ni cuentas ningunas me áde pedir..... Ademá dego en poder de Dicho Anguel mi cunado todos mis Hijos, y como niños y menores de Edad y durante estean en mi poder los cuide en lo posible pero el Dicho Andres ¿ ? de ellos nome hapidir soldadas nin cuentas Por ningun motivo.*" (9-11-1905)

(fonte: este papel está gardado nun baúl que lle fixeron ao bisavó Anxel González cando el tamén foi despois a Cuba; así que o baúl foi, volveu e permaneceu, agora restaurado pola tataraneta Carme Glez. Doval).

Cando a avoa da miña avoa (Carmen as dúas) veu para Trasar, antes de casar a súa familia veu ver a casa ... e os meus da casa de Baixo pediron ese día aos veciños dous carros prestados e puxéronos na aira, coma quen que tiñamos tres carros e non un (non foi a mala fe, só era por aparentar riqueza, vaia).

E casou co Xanecas de Baixo, pero logo o marido vendía os eidos e gastaba todo nas tabernas. Grazas ao cura de Cartelos conseguiron "acongrealo": veu un notario que se puxo noutro cuarto escoitando e a el apertárono ata que cedeu os seus dereitos (sen saber que o escoitaba o notario). Mesmo se puxo un papel na igrexa onde se avisaba que o que lle comprase ao Juan de Baixo o podía perder todo.

Logo enfermou e botou tres anos tolleito. Fixo testamento en 1872, estando enfermo na cama e con 37 anos, pero sandou e aínda fixo obras de moita forza e tivo algún fillo.

-Nunha festa de Furco mudaba un timón do arado de man en man coma se nada para que ninguén se metese co seu fillo. Noutra ocasión moveu un carro cheo de viño arrimándolle un ombreiro -contaba a súa neta Carmen-. Vaia se tiña forza!

As novas xeracións non herdamos deste devanceiro, nin en forzudos nin en gastadores e borrachuzas!

Se o meu bisavó Ánxel foi a Cuba e volveu, tamén o fixeron outros dous irmáns. Un deles, o tío José, cando o 14 de abril triunfou a II República saíu ao ventanuxo da casa do Arrieiro e berrou:

-¡Hoy se ha roto el último eslabón de la esclavitud! Aínda con estas ideas como falaba castelán e estivera fóra durante a guerra nomeárono nos anos corenta pedáneo e como tal tiña que recadar algúns impostos. Un ano as colleitas foron desastrosas e nas casas non había con que pagar. El foi a Chantada e cando o recadador lle reclamou o centeo dos impostos díxolle:

-Como lo vamos a entregar si todavía no lo hemos segado. Cando volveu á tarde para Trasar xa estaba destituído!

Na Casa de Baixo botou unha arma sesenta anos agochada. De pronto alá polos noventa a miña avoa lembroulle que no 36 por medo escondera unha arma (era viúva recente e filla dun republicano que acababa de morrer tamén) e ata sabía a parede na que a agochara. E aí nos puxemos toda a familia a buscar a arma ... e nada, ata o meu padriño do Incio trouxo un detector de metais, pero non houbo xeito.

Mais un día meu irmán Xan decidiu retellar e na cima desa parede, entre as pedras, apareceu unha especie de puñal que resultou ser un abrecartas que o avó Pepe trouxera do seu servizo militar como carteiro en África. Esa era a temible arma que a avoa escondera por medo! O que fai o terror que conseguiron meter nas cabezas da xente.

Ela nunca o dixo pero soubemos por fóra que un día daqueles anos escuros na feira de Chantada alguén se lle acercou e lle dixo: -Seica morreu teu pai.

-Empacestea -respondeu ela.

-Pois tiveches sorte que senón tiñamos que cho matar -respondéronlle.

Tamén neses anos tocoulle a Trasar dar un becerro para "a Causa". Os caciques dixeron que era cousa da viúva con cinco fillos, a Carmen de Baixo. Ela foi protestar e dixéronlle: *paga e cala*. Tivo que pedir os cartos prestados para mercar o becerro. Cóntase que ese becerro non pasou de Castro, onde o mataron, fixeron unha comilona e repartiron os restos os mesmos caciques. Que non volvan eses tempos, Aldán!

O conto da arma lémbreme outros que escoitei sobre a Guerra Civil de 1936 e a represión posterior.

-Eu non proba nada de porco, rapaz -díxome o Sr. Jesús das Airas na cantina do Pataqueiro. -O porco é un bicho moi curioso, foza na terra e come calquera merda, dispensando -engadiu.

-Ser moi curioso non che é nada bo, a min case me afusilan pola moita curiosidá.

Contou que estivo a piques de ser fusilado no 36. Viñeran os "facistas" buscar a alguén ao lugar. El escoitou barullo e saíu a ver que

pasaba. Pillárono e preguntáronlle polo fuxido. El dixo que non sabía nada de nada, pero empezaron a apertalo. Escoitou ao xefe dos fascistas:

-Veña, imos fusilalo aquí mesmo diante deste muro.

Pechaba os ollos e continuaba:

-Eu pechei os ollos e pensei: así Dios me salve!

Pero o que escoitou de novo foi:

-Deixádeo que parece boa persoa.

-E ata hoxe -sentenciaba.

Vese que o Sr. Jesús foi un precursor do informe da Organización Mundial da Saúde de 2016 no referente á inxesta carnívora.

Outro caso que escoitei foi na Limia. Ao señor Andrés entráronlle un grupo de guerrilleiros na casa armados con pistolas. El díxolles:

-Eu non teño un peso que vos dar.

-Iso xa o sabemos -respondéronlle-, pero comida si que hai e temos fame.

E comeron todo canto había na despensa. Ao marcharen díxéronlle que polo seu ben ao día seguinte fose á Garda Civil dar parte. Así o fixo e chamárono a declarar no xulgado en Ourense. Resulta que o xuíz fora con el coas vacas de rapaces:

-Pero, Andrés, home, ti como lles deches de comer aos atracadores, que iso é un delito?

-Eu que iba facer, fixen o que di a Biblia, dar de comer al hambriento.

-Non cambiaches nada, Andrés, segues igual de ocurrente ca cando íamos coa facenda pró monte, anda, vai para a casa!

Contouno o neto do Andrés comendo o polbo na feira de Xinzo.

Tamén é moi pavelo o caso do señor Orentino das Sucasas que fora republicano e das "izquierdas", por iso lle puxera de nome a unha vaca LIBERTÁ. O señor Casamiro da Taberna sempre fora das dereitas, dos "facistas" e tamén lle puxera a unha vaca FALANGHA. Tiñan dous prados que estremaban e cando coincidían as vacas pacendo os amos abrían un carril (portelo) para que se escornasen os animais. Segundo o Orentino sempre gañaba a Libertá, segundo o Casamiro a gañadora era decote a Falangha.

Eles, os amos, saudábanse respectuosamente pero nada de amizades, nin se ofertaban un cigarro nin sequera se daban lume!!! Pero, ollo, se se topaban na feira comían o polbo xuntos, que eran veciños.

Eran tempos aqueles, alá polos anos 60.

Pedinlles aos netos de ámbolos dous se tiñan fotos daquelas vacas. Din que non lembran tal na casa, que todo eran contos de algúns pándegos que andaban a latricar nas cantinas da contorna.

O máis curioso que me contaron é o caso do Señor Antonio dos Castiñeira que semella dunha película de Berlanga pero foi ben certo, no ano 38 na Guerra. Unha mañá apartouse un pouco para facer as súas necesidades, tardou por andar algo duro e botouse de súpeto unha néboa mesta. Desorientouse, andou un anaco, a néboa xa non estaba, pero el si estaba perdido e lonxe das súas liñas.

Sentou a descansar cando apareceu un "roxo" tan perdido coma el. Miráronse, estudáronse pero viron que ambos os dous eran persoas normais ("*era xente coma nós, me cago en Satanás*"), nada do que lles dicían do inimigo.

E empezaron a falar e contarse as vidas. Decidiron dar unha volta polos arredores e toparon un burro pacendo. Era manso e deixouse coller. Montaron os dous no burro e xuntos procuraron a fronte da batalla. Xa se escoitaban os tiros. Que ían facer? A que lado ir? Ao Antonio parecíalle que os de Franco non ían gañar a guerra, o miliciano tiña unha opinión parella, tampouco vía moi sobrados aos seus republicanos. Total que o mellor sería volver cada un á súa trincheira para evitar castigos. Déronlle unha palmada no lombo ao burro (que se salvase el, que podía) e aí rematou a aventura. O Antonio non contou este suceso ata moitos anos despois, o día da primeira comunión do neto, xa morto o Franquiño. Foi despois de varios vasos de mención e unhas copas de licor café. Dou fe, me cago en Satanás!

Outro caso de aqueles anos contoumo un amigo en Lugo, antes de xantar no restaurante Manuel. A el contoullo quen o viviu deste xeito: *Os rapaces iamos coas vacas para o monte, pasaban os guerrilleiros e dábannos caramelos, comida. Naqueles tempos de escaseza moito llelo agradeciamos, se andaba cerca a Garda Civil poñiamos toxos con flor na*

peneda grande, se non sabiamos deles toxos sen flor. Se algunha vez nos preguntaba a Garda Civil, nós nunca viramos nada. Pero un día vimos como por un camiño fondo ían en dirección contraria a garda civil e os escapados, non había remedio, íanse cruzar. Empezamos a tapar os oídos, non queríamos oír os tiros. Pero... ante o noso asombro pararon, en vez de ás armas botaron man ás botas, uns tragos de viño e cada un seguiu o seu camiño.

Sabia decisión a destes maquis e gardas, que non sempre acababan así os encontros!

E para rematar cos contos de antes, un de medo.

O camiño real de Trasar de Sabugueiro cara a Chantada pasaba pola devesa dos Chousos na que había un "medo": aparecía os días 4 cando había feira no Coedo pero só se vía cando se ía e non á volta, tampouco se vía cando ía un só. Segundo se andaba pola recta do camiño o medo ía desaparecendo, era coma un frade lendo nun libro. Tamén hai quen dicía que o tal medo era un escapado ou ladrón para que a xente non se lle achegase.

Outro medo famoso foi que nas Veigas do Asma á noitiña toda a xente se recollía nas casas porque se escoitaba un bruar moi forte como de boi ou bicho salvaxe. Ninguén sabía o que era e todos collían medo. Mais o señor Jesús de Guerra tiña xa unha pistola, traída de Cuba, foi seguindo o bruar e chegou ao carballo do Señor de Cartelos. Viu a un pándego subido a el, apuntou e díxolle: *ou baixas ou te baixo!* E acabouse o problema. Seica o "tal das polainas" tiña unha ola de barro e dentro un anaco de tripa ben tensado e pegado con cera. Con este aparello facía o ruído que tanto medo metía.

Por certo, este carballo é unha das árbores senlleiras de Galicia, todo un monumento vexetal.

**Foron anos moi duros os da Guerra e a posguerra, Aldán.
Canto aos medos, a maioría desapareceu coa luz eléctrica.**

CONTOS DO AVÓ ANXO EN TRASAR

Na Casa de Baixo na que vin ao mundo a cociña era de lareira, non había luz eléctrica, nin auga corrente, nin baño, nin radio, nin tele pero había moita fartura na mesa e nos corazóns. *Cada un os seus*, di sempre a túa bisavoa, Aldán.

Na Igrexa puxéronme Ángel Benigno, pero ao asentarme no xulgado meu pai –e moito llo agradezo- esqueceu o segundo nome. Así que só Ángel oficialmente.

Seica nacín algo debilucho, a madriña dicía que había que ter esperanza, a avoa que non "me lograría", mellor que morrese pronto e non sufrise. Pero a base de coidados fun saíndo, aínda que debía ser algo mimoso e antolladizo.

Aí polos tres anos eu non comía nada, nin pillándome unha galiña e facéndome monadas. Tanto que me levaron á Rivadulla, miroume e ditaminou: o rapaz non ten nada, déanlle de comer cando pida. E tardei 24 horas en pedir, pero santo remedio!!!! Ata hoxe.

Non me estraña que en Chantada un colexio leve o nome desta médica tan boa, a primeira médica de nenos na zona: Eloísa «Lilita» Rivadulla. Dícialles ás nais: se non me pode traer o neno, tráíame o cueiro que xa me vale para saber o que ten o cativo.

Conta miña nai: "berra a sovella e non deixa durmir a min" dicía teu irmán cando naciches e chorabas de noite.

Porque en Trasar tiñamos unha ovella que durmía na corte debaixo dos cuartos. Nesa paciente e santa ovella aprendemos a montar a cabalo cando a besta aínda nos estaba moi alta! E sempre paría un oportuno año para o xantar na festa do San Lourenzo.

É que coma en todas as casas nas cortes da planta baixa estaban as vacas e becerros, os porcos, a egua e ata o poleiro das galiñas. Na primeira planta nós. Formabamos unha grande familia.

O trespés ou trepia estaba na cociña de lareira onde me criei ata os 5 anos. Mal sabía andar e andaba preguntando "onde me lento eu". Un día debía estar tan canso que nin mirei e sentei no trespés acabado de sacar da lareira. A queimadura foi tal que botei tres meses durmindo boca abaixo. Non sei se quedou marca que resulta incómodo mirar, o que si aprendín foi unha boa lección: **mirar antes de sentar**.

Ao pouco tempo un día escoitei unha conversa sobre se a egua da casa tiña ou non tiña a pexa posta mentres pacía nun prado próximo. Decidín ir mirar pola miña conta e debínme achegar tanto que levei un couce e cando acordei estaba no colo da madriña, tiña a marca da ferradura no medio da fronte. Cincuenta anos despois cando lles contaba o caso aos meus alumnos de 1º da ESO dicían que aínda se me notaba a marca, había de ser cousa da súa imaxinación! Mais aprendín unha segunda lección, **non meter o nariz onde a un non o chaman**. Xa o dicía Castelao, *son cousas da vida*.

Unha das primeiras cousas que me aprenderon meus pais de memoria foi: *unha sebe 3 anos, un can tres sebes, unha besta tres cans, un home tres bestas, un corvo tres homes*.

E non anda descamiñado, que un cercado de pólas pode botar 3 anos, un can palleirán 9, unha egua 27, un paisano 81. Como todo bo conto ten que ter un remate fantástico, os 243 do corvo...!, será por iso que desde cativo lles tiven moito respecto a eses paxaros vestidos de cura. E a primeira rima aprendeuma o Sr. Camilo da Eirexe da Cervela:

*"Cuando yo me fui a Cuba de a caballo de un mosquito
Me dijeron los cubanos, que caballo tan bonito"*.

Así que algún día terei que ir a Cuba como xa fixo meu curmán Pepe, disque viu moita xente sentada á sombra.

Nin "O Principiño", nin "A illa do Tesouro", non, o que máis nos prestaba escoitar a meu irmán maior e a min eran os "Ejemplo" que en cada día da Novena das ánimas traía o libro de oracións da mamá Carmen: *Áncora de salvación*, Milano, 1900.

Todos eran sobre o Purgatorio (do que había que sacar as almas a forza de oracións coa novena esta). Érache un sitio terrible, Aldán! Contaba un tal Tomás de Cantimprato que un home tiña unha doenza moi moi dolorosa, pediulle a Deus curar e El mandoulle un anxo que lle deu a escoller antes de entrar no Ceo entre: a) penar un ano máis de enfermidade b) tres días no Purgatorio. Escolleu o paisano os tres días de purga. E cando xa non aturaba máis de tantos anos de horrendo Purgatorio chamou ao anxo e protestoulle. Contestoulle o alado: pediches tres días e aínda non levas un e xa pensas que levas moitos anos. En vista da dureza do sitio, o home pediu moitos anos de doenzas na Terra antes ca un só día de Purgatorio. Iso era o sitio ao que ían os condenados por un simple "pecado venial", por unha parvadiña.

E outro exemplo. Unha cativa de 7 anos por falar na igrexa sen necesidade, a purgar. Unha irmá de San Pedro Damiano por escoitar con gusto unha canción profana, a purgar (aínda non había YouTube!). Un relixioso por non facer a venia de cabeza ao dicir "Gloria patri", a purgar. Outro por quentarse ao lume máis tempo do ordinario no inverno, a purgar. E cincocentos anos estivo naquel lume un pai por ter descoidado a boa educación dos seus fillos. Menos mal que iso do Purgatorio xa non se estila moito, que a ver cantos anos de grella nos caerían aos que botamos tempo de máis mirando nas redes sociais no canto de rezar!

Outro caso é o dun pintor que pintou moreas de santos pero tivo o despiste de facer un cadro obsceno a pedido dun cabaleiro, e o castigo foi penar no Purgatorio mentres o cadro non foi destruído (menos mal que lle deixaron á súa alma aparecerse ao dono do cadro para dar aviso). Item da moza que antes levaba os brazos e costas descubertos e agora tenos "cubiertos con hierros de fuego ardentísimo". Ala! Por presumir!

Ao pobre San Valero mandouno Deus ao Purgatorio "por ter favorecido demasiado a un sobriño seu" (agora entendo eu por que a Igrexa

suprimiu o Purgatorio antes de que saísen tantos casos de corrupción, que habería atasco na entrada). O que máis me chamaba a atención era o caso dunha nobre romana -moi devota segundo Santa Mónica, a nai de Santo Agostiño- que se lle apareceu ao bispo Martiño e lle dixo: "estoy ardendo por haberme lavado la cabeza dos ou tres veces con demasiada vanidad". Eu como son algo burricán interpretei que "Vanidad" debía ser algún tipo de xabón e na Barrela ou en Chantada miraba nos andeis das tendas buscando o tal: que debería cheirar moi ben para ser un pecado! Aínda hoxe cando entro nalgún deses Corte Inglés me sorprendo mirando de esguello se por un casual non haberá o Vanidad, alí que hai de todo. Ou igual calquera Nadal mo traen os Reis, por que non? Para algo son Magos. PD: "Alejémonos de la vanidad, que nos separa de la verdad y nos asemeja a una pompa de jabón", afirmou o Papa Francisco na misa matutina da Casa Santa Marta (25-09-2014). Algo de razón tiña o libro da mamá Carmen.

En Trasar a avoa mamá Carmen gobernaba a casa seguindo os mandados da relixión. Por iso coma en moitas casas galegas non se comía carne os días de vixilia na Coresma. Pero que carne? No meu Trasar natal "*carne*" é a de porco, a de becerro tamén é "*carne fresca*".

Hai anos os curas e mestres lugueses tiñan obrigatoriamente o primeiro destino na montaña ancaresa ou courelá. Alá foi o meu padriño e contaba que dunha vez asistiu a un xantar de curas nunha reitoral un venres de Coresma. Abundante comida e ao final unhas fontes de polo. Caras de asombro nos comensais pero todos van comendo; e o meu padriño que se atreve a preguntarlle ao crego anfitrión.

-E logo don José, como temos pito hoxe?

-Pois non che sei, Ángel, isto éche cousa da Felisa, -a asistentavouna chamar.

-A ver, Felisiña, aquí din que como pos carne hoxe que é venres. -Parece mentira en vostede, don José, desde cando o polo é carne?, diosmío, nin que beberan vostedes, aijesús!

E tampouco era carne o coello, que na Casa do Xeno, casa de curas, lles traían os coellos de Oleiros para gardar a "*devixilia*" dicían.

“Non chores, oh, que pedimos unha costilleta” díxome meu pai. É un dos meus primeiros recordos, cos meus catro anos o pai levoume á feira de Castro. Que ilusión, estaba que non me collía un garavanzo no cu! Parte dos 5 km fun sentado nun carro con marraos do Celso e antes de chegar vin como unhas mozas sacaban os zocos e poñían zapatos e medias. Todo maravilloso, ata había un señor co paxariño da sorte, saíume que sería gaitero de grande (case acerta, que teño un oído de ferreiro). O peor foi á hora de comer nun pendello. Topeime diante de algo noxento que nunca vira e posto en anacos nun prato de pau, boteime a chorar. Salvoume a costeleta, que eu nunca vira diante o polbo. *A todo hai que aprender*, dicía o meu padriño.

Ademais de andar aos niños, en Trasar un dos divertimentos dos rapaces era capar grilos. Era toda unha arte: saber o burato onde se agochaba, conseguir que saíse (por exemplo mexándolle enriba) e logo cunha palliña proceder á operación cirúrxica. Por que se facía??? Non o sei, pero era un costume case universal e hai moita fraseoloxía ao respecto. O caso é que hai un par de anos escoitando a Cadena Ser levei unha decepción, toda unha tradición enxebre botada por terra! Un esperto *grilólogo* demostrou que o que se capaba non eran grilos, eran grilas, femias!!!!

OBSERVACIÓN: eu participaba nestas cacerías só como observador, nunca cheguei a capador. Debía ser que a miña vocación de futuro mestre-ecoloxista xa me impedía participar naquelas carnicerías grileiras.

Creme, Aldán, que non saberás o que é un bo susto se nunca caíches directo á maseira dos porcos da ceba. Tería catro anos e na cociña dos avós do Barrio había unhas táboas no chan que se levantaban e por debaixo estaba a maseira de comeren os porcos. Como os porcos papan as sobras (menos os ósos que son para o can) a avoa tiña moi cómodo o botarlles a comida directamente. E nun despiste da avoa, o Angilitiño caeu polo buraco e aterrou no comedeiro. Miña nai! lembro perfectamente aqueles inmensos bichos durmindo e roncando. Non movín nin unha pestana para non

espertalos. Menos mal que axiña chegou a mamá Servanda salvadora, e case seguro que houbo que me cambiar a roupa.

Sempre que unha veciña ou familiar tiña un rapaz alá aparecía a mamá Servanda, a miña avoa do Barrio de Puga, co seu "kit para paridas":

- Unha galiña
- Unha pela de manteiga
- Unha ducia de ovos
- Unta tableta de chocolate Chaparro
- Unha botella de Sansón

Era unha boa muller que axudaba a quen o precisaba, en moitas casas non sobraba a comida e ás nais cumpríanlles calorías para darlles de mamar ás criaturas. Cando naceu teu pai, Aldán, a mamá Servanda aínda trouxo o seu agasallo para a Vitoria. Era unha muller da súa casa, sempre traía na faldriqueira un frasquiño de medicina con augardente para cheirar ou untar, nunca para beber. Remedio universal!

Queres ter unha pel suaviña, limpiña e preciosa? O invento era do meu irmán maior. Iamos coas vacas para Burgás, sacabamos os zocos e os calcetíns, colliamos unha bosta aínda fresca de vaca e cubriamos ben os pés. Deixabamos que secase e logo lavabámoslos no regato, quedaban branquiños, limpiños coma unha patena, suaves. O que máis lembro é que a auga estaba tan fría que case facía chorar. Pura hixiene natural, sen colorantes nin aditivos, sen contraindicacións !!!

Se iso se puxese de moda nas cidades os nosos familiares de www.osparentes.eu faríanse de ouro en pouco tempo, con tantas vacas como teñen, e ben lles cumpría que tal como pagan o leite... que polo menos lles pagasen "a merda".

"Eu non cabo por esta calle" berraba o Angilitiño de Baixo na Calle Escura de Trasar (a única rúa con nome na aldea) porque lle acababan de poñer a vacina da poliomielite. Xuntáranse as familias do lugar con rapaces para mercar un lote delas que seica había problemas de distribución alá polo 1960 e puxéronas cas Cambote. Eran tempos de mercar suplementos

para os meniños: vacinas, Calcium Sandoz 20, aceite de fígado de bacallau (sabía tan mal que logo a avoa mamá Carmen premiaba cunha culleradiña de mel)...

Nós de nenos chamabámoslle "o home do latón" porque traía un latón grande colgado no cinto. Era un dos pobres "oficiais" que viña pola casa de Baixo de cando en vez. O tío Manolo ocupábase de prepararlle un feixe de palla para durmir na corte das vacas (el nin iso facía). Comía do que pedía noutras casas (e se facía falta cocía algo no latón). A mamá Carmen enchíalle unha cunca de caldo e meu pai o latón de viño. E el feliz. Visto desde hoxe que sería? Un antisistema? Un pobre de pedir? Un parado?

Aos pobres que viñan pola casa pedir chamábaselles "hermanos". A un que viña polo Barrio de Puga preguntáballe a mamá Servanda: "e logo vostede de onde é?" Respondía o "hermano": "de Santa Marta de Ortigueira, élle moi lexos, señoriña, élle moi lexos señoriña". E non lle faltaba razón.

Tamén viña moi de cando en cando o señor Matías, o farrapeiro. Traía unha burra na que cargaba os farrapos de roupa vella que cambiaba por agullas, fíos... E contaba da súa vida, que casara cunha mestra, como lle mercara isto a un fillo, aquilo a unha filla. Un profesional de "fiar" este farrapeiro, aínda que pouco podía gañar con tal mercadoría pero investíao moi ben.

Non só na aldea viñan os pobres a pedir polas casas. A Pastora, a túa bisavoa, tamén tiña a súa pobre de confianza que todos os sábados pasaba polo piso de Santiago pedindo comida. Levaba moitos anos niso a señora Generosa, había confianza. Cando soubo que a Pastora tiña un neto, os sábados despois de coller a comida preguntaba "e el está hoxe o meniño?" Se a resposta era afirmativa sacaba unha presa de caramelos para teu pai, Aldán.

Pobres coma aqueles xa non quedan!

O tempo vai pasando e agora cando vou por Trasar pasan cousas paveras.

-E tin non serás o Angelito de Baixo? -preguntou o Pegertiño da Taberna (63 anos).

-Hoxe cando me erguín aínda o era -respondinlle (tiña eu 51 anos).
-Pero é que te vexo moi vello -retrucou o Pegertiño.

As palabras foron nun cabodano, o Pegerto e o Angelito había ben anos que non se vían.

Seis meses despois estaba eu no Hospital de Lugo acompañando o meu padriño internado cando a el lle chegou unha mensaxe de voz: "morreu o Pegertiño da Taberna". O padriño sen saber moi ben como, puxo de ton para os SMS estas palabras. Cada pouco soáballe o móbil cun SMS e escoitábase repetidamente no cuarto "morreu o Pegertiño da Taberna". E eu aproveitaba para rosmar unha e outra vez "ala e iso que o vello era eu". Pero sen acritude, claro.

-E ises dous son o fillos do Juan? -perguntáballe a Argentina de Pousada á súa amiga con esa voz que poñen algunhas para os segredos pero que se escoitan a medio km.

-Son os dous máis vellos -respondeu a outra.

-Pero que apatronados están.

Era no velorio do noso pai, meu irmán e mais eu andabamos empezando os 30 anos, e van alá outros 30. Agora si que debemos estar "moi apatronados", pena que a Sra. Argentina xa non estea para velo!

Foron tempos felices en Trasar, Aldán, a infancia perdida!

CONTOS DO AVÓ ANXO NA CERVELA

Con 5 anos cambiei de residencia, Aldán. Marchei para a Cervela (no Incio) vivir co meu tío cura José. O Angilitiño de Trasar pasou a ser Angelito, era o rei da casa reitoral e como sobriño do crego moi ben tratado por todos. Engordei e púxenme repoludo, volvía a Trasar de vacacións e meu irmán maior dicíalles aos viciños: [este pace do rego abaixo](#). Tiven moita sorte, a Elisa coidoume coma un fillo e a Sra. Carmen coma un neto.

Nada máis chegar á Cervela con 5 aniños asistín a unha sesión de cine mudo. Foi toda unha novidade. Chegou o home, lembro que levaba unha blusa azul, bigote longo e pucha; puxo unha saba branca na parede da palleira e os grandes sentaron nas cadeiras que levaran, nós no chan. Non me acorda nada da película, si que había un tocadiscos e o señor tiña unha especie de vara coa que nos ía sinalando os bos e os malos, comentando a acción: fíjense señores y señoras. Cando moitos anos despois lin *Ilustrísima* de Carlos Casares veume á mente o meu cine mudo da Cervela. E el que película sería?, daba uns euros por lembrala! Tamén matino agora, de onde se sacaba a electricidade se esta aínda non chegara á Cervela? Non vaia ser que todo isto fose un soño, que este meu maxín é algo trapalleiro!

Aguiluchos. Esa era a revista con banda deseñada que chegaba á Cervela da miña infancia. Eu agardaba a súa chegada como auga de maio, era o único que había para ler na reitoral, porque os libros de teoloxía de tío crego non me chistaban nada. Era unha revista de misioneiros, pero a falta de outras aventuras bos eran os misioneiros. Tiña razón Ávaro Cunqueiro, as historias son tan imprescindibles coma o compango do pan. E tiven a sorte de poder escoitar o mesmo [Barriga Verde](#). Tamén eu oín a súa famosa frase "morreu o demo, acabouse a peseta" ao final da actuación. Foi nos sesenta do século XX no Ecce Homo de Rubián de Baixo, creo. Case non entrei porque cheguei coas mans e a camisa negras de

andar pillando restos de foguetes e petardos. Menos mal que a Elisa levaba unha gasosa que serviu de amaño despois dunha rifa suave. Pero é que o fillo do Sr. Jesús facía petardos caseiros mesturando croio moído con restos de pólvora das bombas que quedaba nas canas que pillabamos á carreira; e había que lle axudar, que ás veces ata estoupaban! Desde aquela non volvín *xogar coa pólvora*.

Viviamos na reitoral, camiño por medio do cemiterio e non había luz eléctrica. Nas noites de inverno nin se me ocorría asomar o nariz pola porta. Que medo! Ademais ás noites viñan uns señores que contaban contos de lobos, de aparecidos... Talmente como despois lin nos libros de Ánxel Fole. Unha noite de inverno dábase meu tío cura 100 pesetas daqueles tempos (un tesouro) se me atrevía a saír por un pouco pirixel. Aínda que me dera mil! Xa me chegaba con ter que me ir para a cama sen luz cando comezaban cos *chistes verdes*.

Julio Jul foi o meu heroe de rapaz, eu aínda non aprendera o que era un indiano, pero tiña diante un. Chegou de Venezuela a aquela casa da Cervela na que eu levaba uns meses e veu cargado de agasallos para todos. Para todos? El nada sabía da miña existencia pero ao ver a cara de decepción dun pequeno de 6 anos que quedou sen regalo, botou man ao seu reloxo de pulso e díxome:

-!Y este niño cómo se llama? !Toma, chico!

Foi o meu primeiro reloxo. Botei meses mirando na hora a cada minuto, Aldán! Todo o que o Julio facía era extraordinario, almorzaba cunha cunca chea de café negro, xantaba dous pratos acugulados de caldo, convidaba a todo o mundo (estaba o bolívar a 17 pesetas nada menos), falaba un castelán precioso. Era albanel nas Américas e aos peóns: -Les pago los sábados a la mujer o la madre, si se lo doy a ellos no volverían al trabajo hasta gastárselo todo.

E sentenciaba:

-¡Al venezolano, chico, le das una banana y ya!

Se vivise hoxe aínda lle había preguntar que opinaba el desta Venezuela Bolivariana. E o que el dixese, para min ía á misa!!!!

Aínda que non mo creas, Aldán, tiven unha educación especial, eu non fun á escola. Aprendín a ler e logo a enciclopedia Álvarez co meu tío Don José e a Elisa na Cervela. Seica Dona Camila asinaba coma se eu fose á súa escola para cubrir a legalidade. Iso si, tiven pluma, tinteiro, pizarra e pizarrillo, que na Cervela era artesán: facíase dunha peneda que había por alí cara a Fruxil. Debín saír ben preparado que no exame de ingreso no Seminario en 1966 o único que non souben foi situar Sagunto nun mapa mudo. Se teño algún trauma seguro que vén desa educación na casa, mais eu apalpo e non me noto ningún pero seguro que algún ha de haber. Agora leo que nos Estados Unidos de América está de moda esta educación caseña. Así e todo boto de menos os tempos da escola porque non teño contos desa etapa que che contar, Aldán!

Se hoxe me regalan unha viaxe a Cancún non o ía pasar tan ben coma cando ía de Trasar á Cervela con 7 anos. Hoxe faise nunha hora en coche. A min levábame un día. Saía cediño con meu pai andando 3 km ata a Barrela. Logo 10 km en La Directa ata Chantada. Aquí meu pai xa se volvía e a min encargábame ao revisor da empresa Pedro Prieto (logo Monforte, logo Raúl, agora Monbús) e saíamos cara a Monforte. Eu ía coma un copiloto, no 1º asento do outro lado do motor sentíndome o rei das estradas. Parabamos en Monforte e ía xantar con condutor e revisor "de fonda!!". De tarde volvíamos arrincar cara a Sarria ata a Boca do Túnel onde me agardaba a Elisa e a camiñar outro anaco ata a Cervela. Aínda lembro como en Escairón subía un señor con boina que lle ía cantando as curvas ao chofer: *cuuurva vén... Cuurva vénnnn*; como fan agora os copilotos de carreiras.

Nunha ocasión levoume de paquete na súa moto Vespa o cura Suso do Gilberto (tío da excelente actriz [María Vázquez](#)). Paramos varias veces e aínda así ao chegar me doía o cu do asento e as mans de agarrarme á cazadora do Don Suso.

O dos roubos nas igrexas vén de vello. Aos meus 7 anos era sancristán na Cervela. O día da festa da Santa Lucía collía unhas caixas de madeira con buratos para meter as moedas, e ala, a pedir para a Santa! Ao día seguinte á mañá topei a porta da igrexa forzada e aberta, pillei medo e fun avisar o Don José. Faltaban as caixas. De noite uns pillos subiran ao tellado, entraron pola bufarda do campanario e fixeron o ladroncio. A señora Rosa topou as caixas tiradas nun souto e avisou, estounas vendo rotas e cos cans e cadelas que nin se molestaron en levar. Reás, pesetas e pesos non quedou un (que de 5 pesetas para arriba xa as retirara o Don José).

Polo que se ve daquela as moedas de 5 e 10 céntimos (cadelas e cans) xa non tiñan valor, por iso algúns aproveitaban para se desfacer delas dándollas á Santa Lucía, igual pensaban que como non ten ollos tanto lle tiña. Eu como rapaz entrado en igrexa ben sabía que Ela cega era, pero parva non.

O Toñito do Xastre xa pasaba dos 14. Antes de empezar preguntaba o cura:

-¿Que es una isla, Toño?

El sabíao pero cos nervios engarraba: isla es, isla es, isla es... una por, una por... e xa saltaba o Manoliño: una porca rodeada de marranos, Antoñito. E remataba un de Noilán: tes arranque de faco andaluz e parada de asno manchego (frase que lle aprendera seu pai de cando serviu en Caballería en Aragón). O pobre Antoniño nunca conseguía dicir: isla es una porción de tierra rodeada de mar. E cando a cousa se poñía seria sempre había alguén que imitaba o berrar dun porco, o piar dun paxaro. Ata un rapazolo da Pedragosa tiña un artello que movía coas pernas e arremedaba moi ben o berrar dun becerro sen que ninguén soubese quen fora. Foi nas pasantías cervelianas de meu tío Don José alá polos anos 60, a maioría mozancóns que xa abandonaran a escola. Non me deixaban participar pero eu axexaba polo buraco da porta que daba á cociña. Alí aprendín as escasas estratexias docentes que aínda conservaba cando me xubilei. Aquilo semellaba unha feira ou unha festa, ou...

As clases tiveron un pico de audiencia cando veu pasar uns meses á reitoral unha fermosa moza santiaguesa alta e loira, para preparar un

exame de non lembro que. Todos aqueles imitadores de animais colleron "moito interese polo estudo" (da anatomía, máis ben).

Que si, que na Cervela bebiamos auga bendita, o que non sei é se seguía sendo bendita ao mexala. A capeliña de San Roque só se abría o día da festa, o 16 agosto. Chegaban os devotos con fardelos cheos de grao centeo e baleirábano por enriba da cabeza do santo que a Elisa e eu baixamos antes para diante da porta. Despois collían do chan como unha cunca de grao para remediar as doenzas dos animais. Logo misa e procesión pola correioira arriba ata chegar a unha poza. O cura bendecía a auga e bebiamos todos daquela auga fresquiña que sabía igual ca antes de a bendicir.

Na foto vese a Don Jesús de Castelo, o meu tío Don José -sotana negra- e outra xente nun San Roque dos anos 60. Prestábanos unha burra e ao día seguinte recollíamos o centeo para levalo ao muíño a Barbaín ... e aquel pan cocido tamén me sabía igual cós demais.

Se eu fose o párroco da Cervela faría correr o rumor de que a auga do San Roque era avogosa para as infeccións de ouriños tan común nas mulleres. Mesmo se podían vender botellíns de auga como fan no San Bieito de Lérez co aceite. Así creábase un mini posto de traballo. E el que IVE se lle aplicaría á auga bendita, o da auga mineral, o da sanidade ou o da Santidade?

A primeira: repique das dúas campás á vez. *A segunda,* media hora despois: toque demorado da grande e logo da pequena. *A terceira,* 15 m despois: toque demorado da grande e 3 badaladas finais. E antes da misa tres toques da grande. Eses eran os toques das campás para misa cantada ou dominical na Cervela.

A maior responsabilidade que tiven na miña vida non foi cando estaba de encargado do armamento da 3ª Cia de Regulares de Tetuán ou nos moitos anos de Xefe de Departamento no Sánchez Cantón. Xúroche, Aldán, que non, a de verdade, a máis gozada foi alá polos meus 8 anos sendo o sancristán oficial -así meu tío crego aforraba pagarlle a outro-. Vaia responsabilidade! Era eu quen decidía a duración de cada toque ou o ritmo

daquelas campás que se escoitaban en toda a Cervela. Sentíaas coma se fosen da familia e obedecíanme coma o máis fiel dos cadelos. Só na procesión da Santa Lucía viña un campaneiro profesional que as facía cantar como un pínfano. Ese día eu tiña outro traballo de moita responsabilidade: pasar o prato das esmolos que acababa acugulado.

Nunha noite de San Xoán ataron un burro á campá e aínda tocaba peor ca min, ese non foi competencia.

Cando leas *Memorias dun neno labrego* (Neiras Vilas) verás, Aldán, que o mesmo lle pasa ao protagonista Balbino, a fachenda de ser sancristán. Pero a miña sorte era por partida dobre porque eu tamén era o sobriño do cura. E, claro, pois ao Sr. Ramiro da Pedragosa moita graza lle facía contarlle ás escondidas chistes verdes ao sobriño do cura e repetíame decote: non te metas cura, faite médico para verlles as pernas ás mulleres gratis.

No oficio aprendín moito... Antes de ser sancristán eu pensaba que Deus estaba na sancristía (confundíaa co sagrario) mais ao chegar alí e non o topar fun aprendendo que como está en todos os sitios non se pode ver en ningún, ou iso me dicían os grandes.

Esta vantaxe de sobriñocura/sancristán permitíame colocarme sempre nos mellores sitios, como coarme na foto oficial duns noivos da Cervela. Así foi como botei moitos anos nun cadro no comedor da Casa do Fidalgo de Panaxubeira.

Sempre lembro pendurado do teito no adro da Cervela o aparello da seguinte foto. Cando era sancristán non sabía para que era. Pero eu escoitara falar de algo de románico na igrexa e cando algún visitante me preguntaba polo chintófano eu respondía: é unha cama que quedou aí do tempo dos romanos. E como ninguén me retrucaba considerábame un esperto no asunto.

Cando anos despois volvín pola Cervela a Sra. Mercedes da Eirexe contoume que lle chamaban *escano* ou *tumbón* e servía para levar polas corredeiras cheas de lama un cadáver ou un ferido que, por exemplo, rompera unha perna.

A realidade nunca é tan bonita coma a fantasía.

Volvendo da feira de Rubián de Baixo entrabamos na Cantina do Heliodoro en Rubián de Cima e pediamos unha gasosa de litro para 5, que despois de comer polbo era moi perigoso beber auga –e non digamos unha embarazada, que lle saían seguro pintas na pel ao meniño-. Como sabía aquel vasiño de gasosa! Xa contei na infancia de Trasar o noxo que me produciu o polbo a primeira vez que o vin. Pois debeume durar pouco que 3 anos despois xa ía á feira coa Sra. Carmen, a miña adoptada 3ª avoa (se alguén me trataba coma o seu neto ela sorría e calaba). Botabamos o día só para ir comer o polbo. Camiñabamos desde a Cervela ata a Boca do Túnel e montabamos nun “Autos Meilán Ferias y Mercados” -medio coche para o gando e medio para nós-. Nada máis xantar xa volvíamos sentar no autobús como 2 h antes de saír, iso si, co motor en marcha e pitando cada 5 m coma que marchaba. Menos mal que a Sra. Carmen collía unhas rosquillas para matar a espera. Aquelas si que eran feiras!

-Seica mataron o Heliodoro a tiros.

Chegou dicindo a Sra. Carmen un día. Foi o primeiro asasinato do que oín falar, e dun coñecido!: o cantineiro de Rubián de Cima que nos servía as gasosas ao volvermos da feira. A cantina xa non volveu abrir pero quedaron moito tempo os buracos dos balotes na portada. Escoitei que fora por cuestión de amores ou de problemas dos tempos da Guerra e que non deron co asasino. Logo marchei da Cervela e non souben máis. Ai, aquela cantina! Estou vendo alí alto e nunha esquina o primeiro televisor que mirei. Cando ía buscar o correo á casa da Alicia eu botaba un ollo na cantina. Coincidiu un día que estaba xogando o Real Madridiño e marcou un gol, ghasús, berraban todos os homes e como voaban as puchas cara á televisión. Nunca volvín ver este xeito de celebrar un gol tan pucheiril. E claro, quedei sen televisión, foron efectos colaterais do crime de Rubián de Cima!

Dise, Aldán, que se perde a fala cando un ve o lobo e que lle pasou a moita xente. Eu vin o lobo alá polos meus 7 anos indo un día só desde a Cervela a Rubián de Cima buscar o correo á casa da Alicia. A uns vinte metros enriba dun valado estaba un can grande con moito peito mirando

para min. Eu fixen o que era común nos rapaces, tirarlle unha pedra, o can nin se moveu; eu pensei: este can é parvo; e seguín o camiño. A 200 metros estaba a Sra. Carmen, ao verme espantouse toda:

-Ai, neno, e como vés ti só, que acabo de ver o lobo aquí mesmo.

Non sei se perdín a fala ou non pero botei a correr e non parei ata a reitoral do meu tío José. Aínda hoxe teño nítida na memoria a imaxe daquel can con moito peito. Pero fun un valente, grazas á miña ignorancia non lle tiven medo ao lobo!

Foron bos tempos aqueles, Aldán, ata que aos 11 anos me tocou marchar para o Seminario de Lugo. Tamén o tío José marchou de cura para Chinchón en Madrid. E botei anos sen volver pola Cervela.

Pero a Cervela sempre seguiu na miña memoria. Cantas veces lle contei a teu pai de rapaz contos da Cervela, xa debía estar canso deles pero nunca protestaba.

Agora, Aldán, coa Internet recuperei amigos, espazos e lembranzas da Cervela. E podo compartilos contigo.

CONTOS DO AVÓ ANXO ESTUDANTE

Seica, Aldán, eu quería ser cura coma os meus tíos. Por iso aos 11 anos ingresei no Seminario de Lugo e pasei a ser chamado *Guerra*. En COU xa descubrira que iso das misas non ía comigo. Seguí en Lugo estudando Filoloxía (alí estaba no 1975 cando morreu Franco) e recuperei o nome de *Ánxel*. En 1976 marchei a Santiago para especializarme en Galego-Portugués e deron en chamarme *Anxo*.

Angilitiño, Angelito, Guerra, Ánxel, Anxo ... moitos nomes para unha soa persoa. Pero o que máis veces escoitei chamarme foi: *profe, profesor, mestre*.

Nos primeiros anos de Seminario en Lugo sempre fun gordo e moi malo en deporte. A única materia que suspendín no Seminario foi Ximnasia. Aprobáronme en setembro sen facer exame. Sempre pensei que fora por non saltar o obrigatorio plinton. Mais nun deses xantares anuais de exseminaristas lembráronme que eu e outro sobriño de cura suspendemos por lle tirar enriba da cabeza ao profesor as cortinas do escenario do salón de actos, que era alí onde faciamos a educación física. Se o din sería certo, que esta miña memoria non lembra nada! Por iso nas fotos do equipo de fútbol eu saía de adestrador, mesmo me alcumaron *Miguel Muñoz* (entón adestrador do Real Madrid).

Polo da gordura tiña eu varios alcumes, o máis bonito era o de *capitán Gorila*. Eu era gordecho e o Manuel T.E. era máis alto ca o resto. Xusto coma no tebeo *Hazañas Béticas*, moi popular entre nós, que se desenvolvía na guerra de Corea. El era o *cabo Long* e eu o *sarxento Gorila* da banda deseñada (logo fun ascendendo a tenente ou capitán). Todo era porque el medrara algo antes ca o resto, era estirado e semellaba o tal Cabo Long o "*larguirucho*". Eu era regordete e con algo de "flequillo", coma o tal *Gorila*. Cando nos empezaron a chamar estes alcumes había dous

camiños. Un: enfadarse e tomalo a mal. Dous: tomalo con humor e gozar da gloria de sermos importantes. Xa imaxinarás, Aldán, cal collemos nós. E non nos arrepentimos.

Lembro que aos nosos 11 anos no Seminario de Lugo tiñamos moi prohibido dicir "me cago na Luna" (porque se podía pensar en "me cago na cona", seica, que a min nunca mo pareceu), para non pecar dicíamos "Lunaaa". O "máis pior" foi cando ao López da Pontenova lle puxeron a cambadela e caeu ao chan coma un marrao, escoitouse un forte "me cago en Dios", quedamos calados todos coma se houbera un terremoto e o padre cura que estaba connosco espetoulle unha mirada fulminante precursora da expulsión inminente pola maior das blasfemias.

Con isto das reformas educativas, hai xente que anda a clamar polo ensino *de antes*; agora os rapaces non saben nada, din. Non ho, nos meus tempos todo era memorizar: ríos, provincias, montes. Entender era o que menos importaba. Lembro cando memoricei os versos de Machado:

*Una tarde parda y fría
de invierno. Los colegiales
estudian. Monotonía
de lluvia en los cristales*

Eu memorizaba versos e non entendía o que era "*estudar monotonía*" pero tampouco preguntei, o caso era repetir ben.

No Seminario tiñamos solfexo, liamos as notas medindo os tempos co brazo. Moitos memorizabamos a canción repetindo as notas pero sen entender "*papa*"... E así o Corticeiras no exame final de música abriu o libro nunha partitura de Mozart e mirando para o papel cantou perfectamente outra de Bach que estaba 20 páxinas despois. Iso si que era chapar! Por algo en Trasar cando alguén era moi listo dicían: tenche moita mamoria.

Cando chegabamos de vacacións meu pai sempre nos recibía con esta frase: que, trouxéche-la roupa toda? (=que, aprobaches todo?).

Estudabamos moito latín no Seminario e iso de adaptar o latinciño á vida próxima deu moitas anécdotas. Como ás ovellas os lugueses tamén lles chamamos "pericas" a frase latina "pericula belli sunt magna" (os perigos da guerra son grandes) foi traducida como "las ovejas viejas son grandes" (algo así pasou na clase do meu Curmán Maior). O Fenteira era de Cospeito e traduciu "primum locum in conspectum Caesar habebat" por "César tenía un primo loco en Cospeito" en lugar do "César tenía el primer lugar a la vista". E a min mesmo na clase do D. Gerardo escapoume: "fueron muchos los pescados que cometimos y muchos los pecados que comimos" xogando mal co "s". As risotadas aínda as estou escoitando. Igual lle pasou a miña nai cando na escola en Pradeda un rapaz lendo unha carta de despedida en lugar de "tu ya no me amas y yo te detesto", como estaba moi afeito a andar con animais, leu "tu ya no mamas y yo te desteto".

Mais a mellor adaptación do latín ao galego era un tal de Rubián do Medio, quen en paz estea, que a frase repetida na misa "*et cum spiritu tuo*" (e co teu espírito) el berraba "esperta tu ohh". As tradución teñen que ter sentidiño!

Xa logo ao estudar Filoloxía empezoume o gusto pola fraseoloxía ([herdado de miña nai](#)) e rin co xuramento do Pepe de Sandiás: "Me cago na Santa Sede" (el pensaba na de beber, non no Vaticano). E de Don Agustín, que despois de 20 anos de cura lugués marchou ás Castillas e coa autoridade moral de vicedeán de Colmenar de Oreja dicía cando viña de vacacións "el paisano gallego es muy supersticioso y mal hablado". Claro, moitos homes estaban sempre co "me cago en" na boca. Os máis suaves "me cago en tal". En moitos era habitual o "me cago en Dios" -xuramento en castelán parecía máis levadeiro-. Pero había de todo. O Primitivo de Fruxil: "Me cago na Biblia". O Benediuto de Pedroso cando estaba moi alporizado: "Me cago en Dios, en la Virgen y en todos los santos del cielo, e 50 km arredor por se algún saliu de paseo".

O mellor foi o Sr. Paco de Portomaior que o día do Carmen despois de xantar mentres trasfegaban unhas copas de augardente de herbas lle

escoitou ao seu cuñado Suso "xa estou farto de tanta misa e procesión do Carmen"... Sacou a pucha, púxose de pé e estirando o dedo índice da man dereita berrou: "me cago en Dios y en su p.. m..., Suso, coa Virgen do Carmen, coidadito, non ma toques, que para min é sagrada".

Así e todo o mellor xuramento é o de "Me cago en ningún dios", que se caga sen se cagar, como dicía o meu parente Eutimio.

No verán de 1977 fomos facer un curso de verán a Lisboa e cruzar a fronteira Tui-Valença era un poema. Cumpría pasaporte en regra (no meu caso especial porque estaba con prórroga do servizo militar). Aqueles estudantes soñadores de revolucións collemos o comboio directo Santiago-Porto, ao chegarmos á ponte internacional de ferro cantamos o himno galego e a seguir o himno portugués ante as miradas de asombro da xente. Aínda en España un señor subiu e pediunos a varios que lle pasamos cada un anaco de bacallau, unha señora adxudicounos unha boneca por cabeza. Outra unha botella de Coca Cola empezada per cápita. O guardinha portugués xa nos dixo que non cría que todo aquilo fose noso, que ben sospeitaba que era duns portugueses que ían noutro vagón, pero que el cumpría co seu deber e deixounos pasar, aínda que Paco insistía en que aquela boneca era para unha parente lisboeta. Xa pasada a alfándega viñeron polo seu, pagáronnos cun "muito obrigado" e un pasaxeiro contounos que a Coca Cola estaba aínda prohibida en Portugal e só se podía pasar unha botella empezada para consumo propio. A señora, seica, logo vendía as botellas pasadas para aniversarios ou primeiras comuñóns. Así que tamén podo engadir no meu perfil das redes sociais: "aprendiz de contrabandista internacional", ou mellor, "pseudoestraperlista galego-portugués", que é máis bonito.

Xa me tiñan tomado por vasco en Santiago, pero é que en Lisboa tamén me tomaron por africano no curso de verán lisboeta. Que pintiña debiamos ter recén chegados a Lisboa despois dun día e unha noite de tren e sen durmir! Mentres uns compañeiros subían tratar unha pensión alí ao lado da Praça da Figueira eu quedei na beirarrúa coas maletas de todos.

Pasou unha señora cargada coa compra, mirou para min e veña que lle tiña que coller algo, que se pan, que se leite... Como eu non quería nada dixo:

-Porque o senhor é moçambicano, non é?

-Nom, sou da Galiza e estudante de português, obrigado.

A señora pensaba que eu era un dos moitos retornados de Mozambique coa independencia e que ás veces viñan co posto: eu tiña mala pinta e falaba un portugués raro; un moçambicano, pois. Na foto anterior esa era a pinta do "moçambicano" naqueles tempos.

A ver se a ti, Aldán, tamén algunha vez te toman por vasco ou moçambicano como a teu avó.

Naqueles cursos de portugués para estranxeiros en Lisboa no 1977 vaia se había diversidade! O grupo de rusos non se relacionaban cos demais, só entre eles, pero nas aulas falaban o portugués mellor ca ninguén. Nós dicíamos: *ha ser que no partido non lles deixan mesturarse con capitalistas*; eran aínda os tempos da URSS comunista e os seus países satélites. Por iso os polacos e un checo non facían máis ca falar mal dos rusos.

Na cidade do Tejo as xentes eran máis europeas ca nós e xa se facía cola para todo (autobuses, comedores, metro) e quen eran os únicos que intentaban coarse? Lembro que os españois (os non galegos) e os italianos (non había gregos). Talmente hoxe.

Os galegos tiñamos vantaxe, falabamos moi ben o portugués. Eu pillei unha infección de garganta impresionante e quedei sen voz. Vitoria acompañoume ao médico. Este estaba convencido de que eu era portugués polo ben que respondía con acenos ás súas preguntas, parecía un nativo. Aproveitamos para facer turismo e xa vimos o famoso Cemiterio dos cans, con lápidas moi sentidas.

No ano 1979 estaba a Vitoria traballando nos cursos de español para estranxeiros da USC. Un dos xaponeses da foto (que pasaba dos 30 anos) non facía máis ca repetir bailando nunha discoteca compostelá no ano 1979: si, me viera mi padre, si me viera mi padre. Aí estamos Vitoria (encargada do curso de estranxeiros na USC) e mais eu con dous alemáns,

un belga, un holandés, unha francesa e dous xaponeses. Tempos aqueles en que as clases se español se prolongaban na discoteca ata altas horas da madrugada; mais ás nove da mañá non faltaba ninguén.

Miña sogra alugaba cuartos no verán a estudantes destes cursos que lle mandaba a Universidade. Tiñan que ser homes e xa o primeiro día ela preguntáballes o nome e logo chamábaos sempre co nome castelán máis parecido ao que escoitara, ás veces traducións ben paveras.

Os americanos sempre se queixaban do mal que comían porque as hamburguesas eran malas. Pola contra os alemáns axiña aprendían a comer de todo, polbo incluído.

Acabados os estudos veu o de facerme profesor de Galego. lembro que hai uns anos, cando levei a túa bisavoa, Aldán, a Fátima fomos ver unhas covas impresionantes que hai por alí. Tocounos cun grupo de "meninos" de 6 anos. O guía era un señor seco, cun brazo na estribeira escaiolado. Se un rapaz falaba ou se despistaba botáballe unha mirada asasina. Estiveron caladiños coma petos os meninos. Ao rematar a visita o guía dixo que podíamos facer preguntas sobre todo o que viramos. Un dos cativos ousou erguer a súa "maozita" e díxolle: *e o señor por que é que leva así o seu brazo?*

Espero que nos meus anos de mestre soubera sempre ver o que era importante e chegar a captar a atención dos rapaces, non me pasase coma o guía portugués!

Foron anos de andar polo mundo, coñecer moita xente e ir esquecendo outra. Fixándome nas paisaxes e observando. lembro o que contaba o cesteiro da Aguada: a néboa e a vergoña eran irmás xemelgas e viviron sempre moi unidas. Ao chegaren á mocidade saíron a coñecer mundo e se se perdían, como se atoparían?

-A min búscame no inverno nos sitios altos e no verán nos baixos - dixo a néboa.

-Pois a min se me perdes non me busques, que quen perde a vergoña xa non a volve atopar -retrucou a outra irmá.

Fíxate logo, Andán, por onde vaias se é certo isto das néboas e verás tamén como hai moita xente que perdeu a vergoña.

Ves, Aldán, que tiveron moitos anos de estudo e en varios sitios. Por iso me considero cidadán galego... mais non sei moi ben de que sitio. Cinco anos en Trasar, seis na Cervela, 6 no Seminario de Lugo, un no Instituto Masculino de Lugo, 3 no Colexio Universitario de Lugo, dous na Facultade de Filoloxía de Santiago.

E desde 1980 profesor en Pontevedra. Así que me podo comparar con Castelao que veu a Pontevedra traballar e quedou... "meu Pontevedra" lle chamou.

Moitos sitios e moitos profesores, a maioría bos e algún non tan bo. Por citar algúns dos mellores. No Seminario: Alejandro Pin, Xosé López Díaz, Nicandro Ares. No Insituto: Xesús Alonso Montero e Ángel González Fernández. No Colexio Universitario: Anxo Tarrío, Araceli Herrero. Na Facultade: Ricardo Carballo Calero e Xosé Luís Rodríguez. Deles aprendín moito e a eles procurei imitar logo cando eu fun profesor. Non seguí aquela primeira vocación de cura e acabei sendo profesor que algo de predicador ten.

CONTOS DO AVÓ ANXO NA MILI

Tocoume servir, Aldán, en Regulares de Tetuán nº 1, en Ceuta, no norte de África. Pedín prórrogas por estudos e fun con 25 anos cumpridos, cinco máis ca maioría.

O día da Pilarica (12 de outubro) de 1980 despois de celebrar o santo da nai marchei para Cádiz facer o campamento e en novembro xa para Ceuta ata fins de outubro de 1981.

A instrución fíxena en Camposoto-San Fernando-Cádiz no 1980, paso previo ao destino en Ceuta, e case puiden acabar en *La Legión*. Unha "tarde parda e fría de novembro" xuntáronnos aos soldados nunha sala sen avisar. Que sería? De pronto entra un atlético capitán lexionario en mangas de camisa e proferindo berros de ánimo á Lexión. A marabilla das marabillas, dicía:

-El único sitio del ejército donde siempre se está cojonudamente bien, a ver, quién está cojonudamente bien hoy aquí?

E levántanse dous cabos lexionarios que o acompañaban "*yo mi capitán*" ... mi madriña... e seguía:

-Apuntaos a la Legión, si os van a mandar a Regulares, que es mucho peor y no hay paga.

Estabamos un asturiano de Oscos (que falaba galego), un de Moeche e mais eu.

-Será mellor logo que nos anotemos -dixo o asturiano- e de paso gañamos uns cartiños.

Eu lembrei o que dicía o señor Casamiro de Laxe cando se torcían as cousas "*joderse y amar a Dios*" e propuxen:

-Xa vedes que de todos os xeitos nos van "machacar", así que esmagados si pero porque non hai outro remedio, eu non me vexo con pinta de lexionario cantándolle al Cristo de la Buena Muerte.

Deixáronse convencer e fomos dar a Regulares de Tetuán (en Ceuta) onde se comía coma nun hotel e ben mellor ca na Legión que gastaban os cartos da soldada en bocadillos.

Foi alí no sur de Andalucía onde un día cando estabamos aprendendo a desfilar baixo "un sol infernal", chega un capitán, manda parar e pregunta:

-¿Hay alguien aquí que entienda un test? -nós caldados coma petos-, que no, joder, que no es para hacerle la putada al típico voluntario y mandarlo a limpiar letrinas.

Eu como estaba alí para servir á Patria, erguín o dedo, "yo, mi capitán".

-Mira si eres capaz de hacer unas gráficas con los resultados de estos test psicotécnicos -dixo.

-Creo que sí, mi capitán -dixen.

-Estoy hasta los cojones de que me manden recomendados que no tienen ni puta idea -rematou.

E alá fun (o traballo era a pelo, con boli, regra e sen procesador de textos).

Como España mo pedía, pois durante 10 tardes en lugar de desfilar suando baixo un duro sol andaluz tiña que ir tratar con papeis á sombra nunha escura oficina, pero pola Madre Patria, "o que fixera falta!". Facía resultados mais sen mirar os nomes, ao rematar ocorréuseme buscar o meu test e topeino. Na parte de léxico e razoar a liña do gráfico subía para arriba coma a Serra do Faro. Pero na de electromecánica baixaba en picado coma a Peneda do Garabullo. Talmente, que sempre fun o menos mañoso dos irmáns segundo o ditame do noso pai e nin falta lle facía usar un test.

Por iso cando ao licenciar vexo que a nota en VALOR é só SE LE SUPONE, despois de tales sacrificios militares e co meu apelido Guerra... nin quedei á recuperación vinme para Pontevedra contarlles batalliñas aos alumnos do Sánchez Cantón. Meus pobres!

Xa de soldado Regular en Ceuta collín sona de escribir moi ben as cartas de amor e tiña varios clientes (pagaban con algún convite na cantina a calimocho, nunca lles collín máis nada). Preguntaba o nome da rapaza e logo adaptaba versos. Lembro a unha Amalia, ditáballe eu ao soldado namorado:

-Quando quero soñar digo Amalia, cuando quero vivir, digo Amalia, cuando quero amar digo Amalia, cuando quero sonreír digo Amalia, Cuando quero morir no digo nada. Y me mata el silencio de no decir Amalia. (Grazas a Celso Emilio Ferreiro, claro). Tantas lle ditei ao tal Ángel Gómez Angulo que xa case tamén era eu da familia e o día que licenciamos díxome:

-Te voy a pedir un favor, tocayo. Cuando mañana vuelva a Tomelloso, ¿que te parece? ¿Me caso con Amalia?

-Hombre -dixen eu-, ¿a ti te gusta y ella es una buena chica?

-Pues claro que sí, ella es muy guapa y somos novios desde la escuela.

-Entonces, mejor que os caséis -rematei eu.

Ás veces pregúntome se casarían, serían felices? seguirán xuntos? Ou se a cousa foi mal e eu son culpable de que non fosen felices dous manchegos, mi madriña, que responsabilidade!

Que tempos, Aldán, foron as miñas mellores glorias como escritor!

Moito nos falaban no 1º Tábor de Regulares do "inimigo", a ese inimigo débolle a primeira visita a Sevilla. Foi nese 1981 sendo soldado Regular nunhas manobras en Cerro Muriano, por Córdoba, creo. O caso é que nada máis chegar xa nos puxeron a cavar unha trincheira nun terreo ben duro. Dixo o tenente López:

-Guerra, suelta el pico y ven aquí.

E púxose a negociar pola radio co comandante a necesidade de mandar unha patrulla de recoñecemento. Cando lla concederon díxome:

-Tu tienes estudios, eres inteligente y sabrás lo que tienes que hacer. Escoge un soldado de tu confianza y os vais de patrulla, avisáis si notáis algo raro.

Chamei o Koldo Furundarena e subimos a un outeiro (que alí non lle chaman así, dinlle "serro"). Se vía achegarse a alguén con pinta de mando militar dicíalle ao de Amorebieta:

-Corre y dile al teniente *enemigo a la vista*.

Ao acabar aquela guerra de xoguete o tenente nin as grazas me deu! Normal, eu cumprira co meu deber!

Pero dous meses despois eu e varios recomendados fomos premiados cunha viaxe turística desde Ceuta a Sevilla pagada polo exército. Era eu o único que non tiña recomendación. Foi unha lotería ou pago por servir á Patria contra o inimigo? Dependendo do humor que tivese ese día consideraba unha ou a outra, pero o certo é que librei de cavar unha trincheira e coñecín Sevilla, bendito sexa o inimigo!

De "película" foi a visita a Sevilla. O guía era un brigada lexionario que empezou con toda a súa ilusión e forzas, pero despois de xantar xa estaba rouco e asolagado de whisky polo que decidiu durmilla nos últimos asentos do autobús. O autocar sevillano saíu cheo de soldados ás 9 pero en cada parada para ver monumentos perdía varios viaxeiros tragados por algún bar.

Ao final da tarde só quedamos tres interesados en ver esa marabilla do Alcázar árabe: un servidor, un catalán e un vasco. Rematada a visita fomos os tres, de uniforme, dar un paseo e cando cruzabamos a ponte de Triana parounos un patrón, *"que el tamén fora dos Regulares, que estivera en Sidi Ifni e que tiñamos que ir á súa casa merendar"*. Pois non houbo maneira, acabamos nunha casa pintada de vermello a carón do Guadalquivir e demos conta duns finos e unhas olivas. O señor chamábanos *"quillóo"* e nós coa confianza dos finos ata nos atrevemos a lle dicir *"Zeñóo"*.

Desde aquel sábado de agosto de 1981 sempre tiven claro que nas Españas hai cinco nacións: quillo-vasco (1), quillo-catalán (2), quillo-galego (3), zeñó-andalú (4) e resto de bebedores-aculturais (5).

Seguindo co das nacionalidades. Aprobei a oposición estando nos Regulares de Tetuán en Ceuta no 1981. Sabedores os vascos de que fora de Lingua Galega convidáronme a merendar con eles no seu reservado da cantina. Felicítáronme tamén os cataláns ... e os galegos?...

O caso era que naquel grande bar do tábor (=reximento) había reservados para cada *"rexión"* española decorados con cadros da zona. Ao dos vascos ían só eles ou algún convidado casual, o mesmo pasaba co de

Cataluña. O dos galegos era moi frecuentado pola xente da terra porque a miúdo chegaban viandas do "noroeste" e había que darlles saída, polo que se achegaban moitos alleos. O resto dos reservados ou estaban baleiros ou entraba calquera. Isto era no 1980 con moitas autonomías sen estrear, cambiou moito a cousa hoxe?

A bebida universal na cantina dos Regulares en Ceuta era o calimocho: coca cola e tinto peleón mesturados no momento en botella de litro. "Gallego, un calimocho", era o berro máis habitual. De onde sería o camareiro principal? E ou levabas xusto ou a resposta habitual do galego: "no hai cambios" (as moedas estaban moi buscadas para falar por teléfono nas cabinas). Claro que se o pedías con acento galego sempre había cambios.

Seguindo coas "historias da mili", o caso é que daquela para todo facía falta permiso, e por escrito! Conservo un para "pernoctar con su esposa" no Hotel África. E se pernoctase cunha amiga e non coa "marida", ademais de adulterio sería tamén rebelión? E se en lugar do África fose no Parador de Turismo? Como está na Praza Nuestra Señora de África, non me castigarían? Claro que se descubrisen que tiña pernoctado "con el enemigo" me "afusilaban" con consello de guerra incluído.

Un daqueles días ao volver do hotel non se me debía notar moito o espírito militar que me berrou o cabo primeiro Olmo: que, Guerra, hoy estás con la caraja, mecago enel peñondegibraltar!!!

Nota1.- Estar con la caraja, estar a por uvas, estar en babia, estar en la inopia, estar alelado, haberle dado un aire a uno, estar atontolinado (vamos, todo iso)

Nota2.- Desde Ceuta viamos a diario o Peñón e... era dos ingleses!

Nota3.- Achego documentación para que se vexa que estas miñas historias foron tan reais como a vida mesma. "Hai que agarrarse a un papel" dicía a Tía Secorra de Vilamouros cando mostraba un documento notarial nalgún litixio de fincas.

Repasando nas fotos "da guerra" ... nos Regulares de Tetuán nº 1... Había moitos máis "enchufados" ca atractivos postos para eles. O José Ríos de Castroverde viñera moi recomendado co sarxento primeiro Recoiro, galego coma nós. Cada 15 días o sarxento viña á nosa compañía e contáballe ao José que facía todo o posible pero non había ningún choio libre para el. Ata que un día lle propuxo ...

-Ti que es moi mañoso, podes gañar uns cartiños, se te atreves a matarme un porco como se fai alá na aldea, que mo cebou en Hadú unha familia marroquí pouco crente en Alá.

O José encantado, que lle matara xa os porcos ao seu padriño en Muimenta cando rompera unha perna cazando.

A matalota foi un sábado cando non había xente nas cocheiras, e foi un éxito de execución. Pero os axudantes non limparon ben o sangue, algún ecoloxista llo comentou ao oficial de garda e a matanza acabou co sarxento arrestado na sala de bandeiras e o Ríos comendo o bocata no calabozo. E todo por matar un porco como ten que ser, que pouco se comprende a idiosincrasia galega máis alá de Despeñaperros! E logo alí abaixo non matan os años á maneira deles!

Naquel 1981 nos Regulares de Tetuán en Ceuta tiñamos cine os domingos. Poñían moitas de Bruce Lee e enchíase a sala con centos de soldados. Un domingo ocorréuselles programar a mítica *Cidadán Kane* de Orson Welles. E..." fracaso película"! Estaba o encargado do proxector e mais eu, e por enriba, como estabamos sos nin caso lle fixemos á cinta. Puxémonos a falar de cine que os dous eramos cineitalianófilos: Visconti, Fellini, Pasolini, de Sica ... Así e todo quedoume unha leve sensación de "bicho raro" que non a dei curado de todo aínda.

O histórico 23 de febreiro de 1981 (golpe de Tejero nas Cortes) estabamos na fila para saír de paseo nos Regulares de Tetuán en Ceuta cando me dixo o Koldo Furundarena:

-Mellor non saír que dixeron na radio que a Garda Civil entrou no Congreso.

-Pois logo mellor saír mentres poidamos, Koldo -respondín eu. Saímos e chamei a Vitoria, a moeda atragoouse e había tarifa plana naquela cabina, mais ela estaba tan nerviosa que me colgou!

Cantas cousas me pasaron pola cabeza naquelas horas ata que o Rei Juan Carlos ás 12 dixo na radio que había que seguir na Constitución. Non esquecerei esas palabras. Entón durmín que á mañá cediño tocaba facer garda no monte Acho e non esmagar civís. Desde aquel día sempre lle tiven certa lei ao Monarca, cacerías á parte.

Durante días prohibiuse poñer a televisión, non se podía saír de paseo por Ceuta, cortábase a tensión coa baioneta; pero ningún dos mandos dixo unha palabra, aínda que os viamos escoitando a radio. Uns días despois era a miña oposición de profe de galego (xa a vin perdida)... E aínda así unha semana despois tomando un calimocho na cantina o Gasofa (Albacete) e o Miranda (Burgos) dinme:

-Entonces, ¿ka pasao, macho?

Non se enteiraran de nada, case lles boto o calimocho pola cabeza!

["acezuáa"](#) foi o que respondeu o Zevilla á miña pregunta de se lle gustaba o gazpacho no verán. Nin sei como se chamaba, todos lle dicíamos "Zevilla" na 3ª Cia. dos Regulares, disque era de preto de Lora del Río. Así que o gazpacho non lle gustaba que o facía suar moito. Venme isto á cabeza vendo os famosos na "Feria de Abril". En Ceuta tamén había "feria" en pleno verán e fomos dar unha volta. Os galegos quedamos decepcionados, unha morea de postos vendendo turrón en pleno verán. Onde se viu! Tomar finos con turrón!

Onde estea un tinto con empanada/chourizo/queixo/mexillóns ... "nin comparación" ... concluimos medio mareados despois de baleirar uns finos "a palo seco" nunha caseta.

Ceuta, 2 de maio de 1981. "*Soldados Regulares, hoy tenemos una espina clavada*" espetounos o capitán. O caso é que levabamos 15 días preparando o desfile nunha praza ceutí e saíanos de dez o adecuar os pasos á música. Pero ao pasar xusto diante da tribuna de autoridades os altofalantes fixeron *craszssr* uns segundos e cando volveron enganchar

perdemos o paso e fixemos o ridículo. Que vergoña!!! Que cariña lle quedou ao tenente Lucio!

O gaditano Juan resmungou ao meu carón:

-¿Que gallego, a ti te pincha mucho la espina?!

-¡Yo ni me la noto, Juan!

-¡Pues yo soy de madera como el [Cristo de la Columna](#), xava!! Este Juan foi o primeiro andalucista que coñecín. Namorado da súa terra, a máis completa das Españas para el: que se tiña 2 mares, neve e praia xuntas, verde e deserto, lagoas, luz e escuridade ... "y más jarte que ninguna, Angelillo" !!! Era un gran rapaz aquel "quillo", se mo pedise... por el ata me metía eu palmeiro (cantaor non, que non teño nin oído nin voz).

Lembro unha soleada tarde nunha charla de estratexia militar cando o meu tenente de Regulares me espetou:

-Soldado González, usted que ha estudiado, sabe de algún poeta que hablara en sus versos del camino?

-Claro, mi teniente, Don Antonio Machado: caminante no hay camino, se hace camino al andar. Y también Rosalía de Castro que dijo "camino blanco, viejo camino".

-Hombre, González, si dice usted don Antonio Machado diga también doña Rosalía de Castro, que además es usted gallego, carajo! Era "mundial" aquel tenente, sabía máis de literatura ca min. A lección que me deu non a esqueceréi eu. Para que logo digan que non se aprendía nada na mili!

Nos últimos días de outubro de 1981 déronnos "[La Blanca](#)", subimos a "[La paloma](#)" e camiño de Pontevedra. Chegara eu a Pontevedra como profesor de galego en xaneiro de 1980, marchara á mili en outubro, aprobei a oposición no permiso primaveral e volví ao mesmo Sánchez Cantón, no que seguí ata a miña xubilación en abril de 2015. Cando un está ben nun sitio, para que cambiar, non cres, Aldán?

CONTOS DE VECIÑOS DO AVÓ ANXO

Vanche aquí, Aldán, un feixe de historias de xente que fun coñecendo no Trasar real ou no Trasar imaxinario, que xa non sei moi ben cal é cada un. Son historias de noso, como dicía o mestre don Álvaro Cunqueiro.

Alá polo 1940 todas as noites do inverno viñan a Sra. Teresa e o Sr. Camilo, dous patróns pobres, contar un conto ás noitiñas á Casa de Baixo de Trasar. Ao pasar un anaco o home comezaba a se queixar do estómago e dicíalle a muller: hache de ser a cóleca, Camilo. E entón viña a avoa mamá Carmen con aquela copiña pequena de augardente, el botaba un grollo e xa lle pasaba... así todos os días.

Daquela cando morría un meniño seica era un anxiño que ía para o ceo, polo que había misa cantada e se botaban unhas bombas. En Trasar eles eran os máis pobres e cando lles morreu un netiño botaron as bombas e os outros avós tamén as botaron, pero eles dicían que as súas facían máis ruído. Meus pobres! Nunca mellor dito.

En 1938 viuse en Trasar de Carballo unha aurora boreal. A xente estaba asustadísima e reunida na cima do lugar. Dicíase que sería a fin do mundo, que a un da parroquia de Buciños lle dixera o cura que el vería a fin do mundo ... e xa ía velliño!! Outros dicían que os exércitos de Franco entraran en Zaragoza e lle puxeran lume. Ninguén se atrevía a ir á cama. E entón chegou o Sr. Manuel, o Ferreiro, e dixo:

-Non pasa nada, isto é unha aurora boreal, mañá xa case non quedará nada.

E así foi. O Ferreiro fabricara unha galena e xa podía escoitar as novas da radio no monte da Purreira. Tempos aqueles!

A Sra. Cándida repetía moito dúas palabras a modo de comodín: "rastra!" ou "rabia morrela!". Viñera de Camba moi moza nun casamento

amañado polos pais e só vira o futuro marido unha vez na romaría do Faro - Trasar está a 2:30 h de camiño do monte Faro, do outro lado está Camba, onde daquela había moita pobreza-. Aínda así contaba que era a envexa das amigas porque *ía casar trala costa e non pasaría fame*.

Era unha muller das de antes. Ela mesma coidaba os cortizos - colmeas feitas no toro dunha árbore- tralo muro da nosa eira: barraba, castraba, esmelgaba... Polo San Xoán saían os enxames que se penduraban nas pólas das nosas árbores. Iamos avisala e viña ela cunha tixela vella e metíase no medio das abellas dicindo "*pousa, reina, pouosa*", collía a raíña coa man e marchaba para a súa horta rodeada de miles de abellas; aínda a estou vendo! Ala, xa tiña un enxame novo!

Como na casa non lle sobraba de nada, o mel facía o papel do azucre. Sobra dicir que a señora Cándida era moi dada cos rapaces de Trasar, non sabía ler, pero sabía moito da vida, rabia morrela!

Pois resulta que en Trasar había xente con moito maxín. Contaba o Sr. Elpidio que fora un primo seu das Veigas quen "inventara a pólvora e no lugar de mecha utilizaba unha silva baleirada por dentro para que explotase" (isto non nos parecía moi crible aos rapaces). Dicía que a este seu parente o "exportaran ás Filipinas" por listo e que non tiña estudos, que se non a que armaría... Tamén contaba o señor Elpidio que el servira na guerra de Marrocos e que o licenciaron por medo a que se pasase ao inimigo e desequilibrase a contenda.

-Crucei a nado o Estreito con cartucheiras e todo -dicía.
-Debía ser un mar cimeiro -respondeulle outro veciño pándego.

O Sr. Eustaquio tiñase por moi agudo ("eu sei ler a letra miúda") mais era, coma tantos homes daquela, pouco dado a valorar as mulleres, das que case nada se podía agardar, segundo el. Díxolle unha vez meu pai:
-Oíu, señor Eustaquio, tería que deixarlle xa o mando da casa ao fillo e vostede vivir ben.

-Deso nada -respondeu o vello-, xa llo deixei tres días e deixouse guiar polas mulleres da casa.

Outra vez estaban de contos no muíño de Ceides e un cazador contaba que tivera un mal día de caza:

-Púxoseme a tiro unha lebre do mellor xeito posible e tireille pero a lebre fuxiu.

-Habíache ser femia -dixo o o señor Eustaquio.

A Sra. Manuela da Penela vivía coa súa filla, a Ludivina (*Diluvina* chamáballe o xenro) porque a súa casa xa empezaba a caer. Non se entendían moi ben nai e filla e reñían decote. Un domingo ao volver da misa empezaron a discutir polo xantar. Tanto se enfadou a Sra. Manuela que lle espetou á filla:

-Mira, mañá mesmo me vou para a miña casa, compro unhas pitas, póñolles un galo e vivimos todos felices.

Vamos, que tampouco é tan cara a felicidade, ou iso pensaba a Tía Manuela.

O Sr. Leopoldo de Nespereira era moi relixioso, non faltaba nunca á misa do domingo en Cartelos. Mais tiña unha curiosa palabra que repetía a miúdo referíndose a cousa, animal ou persoa calquera: "*mecagoensudiós*". Como a frase era en castelán e así toda xunta ben seguro que non pensaba no que podía significar. Outras verbas interesantes na súa fala era que cando empezaron a chegar os coches Land Rover el decidiu chamalos "*Gil Robles*", ou ao tractor, "*estrautor*". Pola mesma lei os Maximinos convertíaos en "*Mansaminos*", as Teresas en "*Tesas*" e os Casimiros en "*Casamiros*". A súa cuñada Emérita sempre foi "*a Mérita*".

Sacadas estas curiosidades, o Sr. Leopoldo era home de conversa agradable e variada, moi traballador e cumpridor. Dio-lo teña na súa gloria!

Relendo a *Escola de menciñeiros* de A. Cunqueiro lembrei o Sr. Primitivo dos Peares que era moi bo curando as doenzas dos cans. "*Albeite canino segoviano*", dicía de si mesmo, porque aprendera o oficio no servizo militar sendo asistente dun coronel que tiña finca en Segovia e era grande

cazador; alí botou rodeado de cans os permisos e fins de semana. Era moi apreciado polos cazadores das ribeiras que lle pagaban sempre en especie cazada, pois el non admitía outro pago. Xa na súa vellez o fillo puxo teléfono na casa e o don Camilo, que moito lle gustaba cando soaba o aparello e preguntaban se estaba "*don Camilo*", soubo adaptarse á tecnoloxía. Consultaba o can por teléfono. O cazador tiña que conseguir que o can ladrara polo menos unha vez, logo achegarlle o micrófono á barriga sobre un minuto, responder o dono a unhas preguntitiñas técnicas e volver chamar ao cabo dunha hora para saber do tratamento. Que el só daba tratamento, nunca comentaba a enfermidade do can.

-Os cans só teñen unha doenza -sentenciaba-, a fame. Eran outros tempos tamén para os cans, ata nos Peares.

O Pepiño de Carcacia non era mala persoa. O cacique don Arturo nomeouno alá polos anos sesenta concelleiro e el por non saber nin sabía o nome do cargo que tiña, asinaba onde lle mandaban e punto. E claro non faltaba quen se mofase:

-E agora imos ter que te tratar de don Pepito, disque tes un cargo en Castro. E se non es o alcalde que vés sendo logo?

-Eu que sei, cousas de don Arturo, debe ser algo do "*Entamamento*". Se no concello non mandaba moito, na casa menos aínda. O Pepe viñera de Penaboa casar cunha herdeira. Cando a muller se enfadaba espetáballe:

-Mira José, que a casa é miña e a porta é túa!

E o Pepiño calaba e poñíase a facer un cigarro.

"*Sáíu cara baixo*" ou "*saíu cara arriba*" respondía a Sra. Antonia cando lle preguntaban onde andaba o home, porque el nunca lle dicía a onde ía cando saía. Como vivían na Ribeira Sacra ela só vía cara onde collía, arriba ou abaixo. Por non lle dicir nin lle dixo alá de mozos que casaban. Foi el, puxo día, avisou o cura, un par de amigos, e logo díxolle: oíches, o sábado á tardiña casamos. Nin a chamaba polo nome, "ti" ou "ela" para os demais. Deus non lles deu rapaces. Viviron sempre amparados un ao outro, máis ben ela a el.

Mais un día veulle un "repentino" á señora Antonia e levárona para o camposanto. E desde entón o seu home, o Sr. Agustín, xa non sabía vivir. Sentaba na solaina a "esperar a *llamada*" que é como lle chamaba a ir "cara arriba", ao cemiterio parroquial.

Cousas así só pasaban na Ribeira Sacra!

"*Con esta miña gaitiña as nenas ei d' enganar*". Así falaba o repoludo gaiteiro nos versos de Rosalía de Castro.

Tamén foi gaiteiro o Sr. José de Corvelle de Baixo. E dos bos, dioloteñanasuagloria, contaba o meu curmán Eutimio. Pediu que o enterrasen co instrumento, como era adoito en moitos músicos de antes. E cóntase que cando saía o cadaleito da casa mentres o cura requeneaba o Kirieleison escoitouse o pranto da muller, a señora Manuela:

-Ai, alá se van o meu Joseíño e a súa gaitiña, cantas alegrías me deron nesta vida!

Pero igual son faladurías da xente -dixo o Eutimio-, que eu fun a ese enterro e non escoitei nada, tamén é certo que estaba moi agripallado e coa cabeza feita un bombo aquel día.

-Vicenta, ponte guapa que nos imos de rumba a Valencia -díxolle á muller.

-Estás tolo, Servando, non ves que hai moitas cousas que nos cómpren para gastar os cartos.

-Pois eu, marchó, ti se queres vir vés, e senón quedas, alá ti. E marcharon os dous. Foi alá polos anos sesenta do pasado século. O Servando mercara na feira de Castro un décimo de Lotería e tocáranlle 23.000 pesetas! Como servira en Valencia, en Caballería, quería volver agora de rico.

E gastáronos ben gastados, que para a viaxe de volta tiveron que pedir prestado a un tal Giner que fora o seu cabo furriel na mili. Naqueles restaurantes de Las Arenas -contaba a Sra. Vicenta nun cabodano en Vilaquinte- á hora de pagar preguntaba o noso Servando:

-Y cuántos son de personal aquí?

E pagaba de propina un puro habano por cabeza, tamén para as mulleres.

-Que han de tener en casa algún hombre agradecido que se los saiba fumar, señor camarero!

Pena que estes dous paisanos non acordasen as excursións do Imsero!

-Vou pró San Brais, que garganta e pistola teño unha sola. O señor Secundino tiña a voz moi fina e padecía algo da gorxa, por iso era devoto do santo patrón que lle salvou a vida a un meniño porque tiña unha espiña cravada na garganta. Ese día de febreiro, no que se bendicían as gorxas, era o único no que poñía a roupa nova e marchaba á romaría, non volvía ata o escurecer. Por iso ao velo así os rapaces sempre lle preguntabamos a onde ía. Se logo lle atacaba algún catarro o señor Secundino repetía: éche froita do inverno (non ía ser culpa do San Brais!). Tamén tiña fe no San Andrés de Lonxe, pero nunca deu chegado alá.

Na casa do Leiteiro estaban o señor Vintila e a muller, a señora Generosa. Con eles vivía un irmán dela, un bonachón, o señor Pegerto. Como cobraban os tres a paga dos vellos mercaban na cantina por quendas, vez un vez outro, e poñían unha marca no almanaque da funeraria colgado na cociña. Tiña cada un o seu peto.

-Ai jasusmío, Vintila, cando mercamos nós botas dúas cucharadas de azucre no leite, cando che toca a ti, unha soa, non tes remedio -díxolle a Generosa.

Finou o señor Pegerto de vello e un mes despois mentres comían o caldo dixo ela:

-Ai, diormío, e non atopei hoxe no pallar o pantalón vello do Pegertiño, empacesteá, e ao botalo a lavar tiña mil pesetas no peto! Que ben me veñen!

-Mecago en diola -resmungou o señor Vintila- e mira que levo buscado eu ese pantalón.

Seica finou o señor Basilio das Airas, que se saiba nunca pillou un catarro, contou un día miña nai. Ao chegaren as primeiras friaxes do outono principiaba a súa medicina, unha cunca de viño quente ás comidas. Quentaba a cunca no forno da cociña, botaba o viño e poñíalle unha pataca cocida quente para que quecese, tiráballe a pataca ao gato que adurmiñaba aos seus pés e viño para dentro.

Cando saía da casa coa roupa nova sempre metía un cuberto no peto da chaqueta porque "cando fun a Lugo mirarme a un especialista de pago comemos na Lucense e o carajo do tenedor dobrábase ao pinchar na costilleta, que vergonza pasei que mesmo estaban na mesa do lado unhos señores curas comendo cabrito! Así que na primeira feira de Trasouteiro merquei un tenedor dos bos e lévoos sempre comigo".

Agora cos anos xa non sae moito e encargoulle á muller (a señora Erundina, que el sempre lle chamou *Arrondina*) que cando o leven para a cova lle poña o traxe negro de pana e no peto lle meta o cuberto. Morreu en Puebla de Sanabria vistando un irmán; así que non soubemos que traxe lle puxeron ao señor Basilio ou se levaría o garfo para o máis alá. Que en paz estea!

Como o Antoñito da Casa Grande quería ser médico foi facer a Santiago o último curso do instituto. Nada máis subir ao bus de La Directa xa se pasaba ao castelán que non soltaba ata baixar no mesmo autobús nas vacacións. Nese ano primeiro de Compostela o seu avó púxose mal, mais non quería que lle viñese o médico de Castro, "que xa me mirará o neto nas vacacións". Non hai fe coma a dun avó!

O caso é que sete anos despois cando toda a xente contaba co médico don Antonio... entra na cantina do Eliseo o médico de Cea (don Orentino, que era de Hervás, en Cáceres) berrando:

-Oídme, todos, mi colega don Antoñito cuando ya había terminado todavía no había comenzado.

Resulta que o da Casa Grande botara 7 anos en Santiago vivindo ben e nin chegara a matricularse en Medicina. Onde si fixo carreira foi na política que seica se lle dá moi ben o cargo de asesor e escríbelles uns

discursos moi feitos aos líderes. Agora si que chegou a ser todo un don Antonio.

O señor Aurelio do Rigueiro era un home pequenote e cun bigotiño ben cortado, non parecía mala persoa aínda que fixera dúas mortes. Estaba un día rozando nos toxos cando chegou por alí un deses amigos das bromas pesadas que coxeaba algo da perna esquerda, o Luís da Gándara, que lle espetou:

-Home, veño axudarche a cargar os toxos pero antes vou mirar se traio ben afiada a galleta espetándochas no lombo.

Botou a correr tras del, que malia a coxeira corría abondo; cando o Aurelio se viu apurado revirouse e lanzoulle a [fouce de rozar](#) coa boa sorte que lle bateu na sen e deixouno alí morto. Botáronlle cinco anos de cárcere tendo en conta a defensa propia. Deuse tan ben no cárcere do Campo da Feira lugués que só durmía na cadea, pasaba o día facendo recados aos gardas e encargos de presos con cartos. Mesmo tiña alugado un cuartucho nunha pensión a carón da Porta de San Pedro. Cando lle preguntaban a causa da condena, retrucaba:

-Foi por lle axudar a curarse da coxeira a un cabana.

Segunda morte.

Ao pouco de volver do cárcere ao Sr. Aurelio pasoulle o do Carlos de Cortiñas. Este era un mangallón que gustaba de abusar, faltáballe ás mozas nas romarías, retaba a quen se lle poñía por diante e trasfegaba litros de licor café.

-Din que es moito home, Aurelio, que remataches o caganas do Luís, pero a min non me duras o tempo de riscar un misto –espetoulle o Carlos na romaxe do Faro o 8 de setembro- Se es home, agárdame á noitiña na feira da Barrela e botamos unhas loitas.

Meu dito meu feito. O 13 entre lusco e fusco produciuse a loita no camiño de Lousada. Xa de entrada o pobre Aurelio quedou esmagado debaixo da humanidade do contrincante pero deu sacado unha navalliña que lle espetou entre as costelas. Alí quedou espernexando ata morrer o

abusador. O pequenote señor Aurelio tivo que escapar para o Brasil antes de que o pillasen. Non se volveu saber del.

Daba para unha miniserie este individuo. Non era mala persoa, pero pasou o que pasou.

Cando o Sr. Arturo da Solaina quedou só marchou vivir a Lugo cunha filla. Axiña volveu:

-É que non me afacía, recoiro! Un día sentei nun banco diante do portal, pasou un cativo e pregunteille "e logo ti de quen vés sendo, neno?". O rapaz miroume, díxome "viejo tonto" e seguiu. Vin que aquela vida non era para min, carafío!

Nunca, Aldán, ninguén definiu tan ben o choque entre a aldea e a cidade, entre o rural e o urbano onde xa ninguén saber diferenciar entre grelos e nabizas.

Despois foi vivir un tempo a outra parroquia onde estaba de cura seu irmán, o don Jesús. Este era un cura do país. Cando minguaban os capóns ou os lacóns na despensa, don Jesús non tiña reparo en facer unha misa extraordinaria ao San Bieito, fose ou non día do santo. Unha vez ata lle prometera o Sr. bispo Ona de Echave vir ao San Bieito... pero: *Hoy día de San Binito tenía previsto venir el grandísimo señor obispo para misar, pero se indispuso*, predicou o crego.

Xa hai ben tempo que nun verán de moita seca os veciños lle foron pedir ao don Jesús unhas rogativas para que chovese e o cura respondeulles: "ai, ho, e non sería mellor esperar para dicir as misas a que se puxese ao [aire de baixo?](#)" (así aseguraba a eficacia dos rezos). O dito, un cura do país.

O Clementiño de Portacales, neto do Sr. Clemente que fora galeguista e republicano, era un pouco pagado de si mesmo e tiña sempre a frase adecuada.

Nunha feira de Chantada mirou para unha moza guapa e espetoulle: -Guapa, requeteguapa!

-Xa quixera eu poder dicir o mesmo de ti -respondeu ela.
-Pois minte, que tamén eu minto -asegundou el.
O carné de conducir sacouno en Ourense á primeira.
-Puede bajarse, está aprobado -díxolle o examinador.
-Se quere damos outra volta, como vexa -soltou o Clementiño.
Saía el da Caixa Galicia na Barrela e entraba seu curmán o Paquiño.
-Se vas por cartos volve outro día que acabo eu de sacar unhas picaxadas e quedou a caixa baleira, Paco -comentoulle.

Dios nos libre dicíase moito diante dun perigo; *Dios nos salve* ante algo malo. E o tío Antonio da Lamela *Dios nos libre de que Dios nos salve* – toda unha lección de filosofía da vida-.

O Sr. Antonio repetía:

-Eu hei morrer un 28 de decembro e así ao chegar diante de San Pedro pódolle contar unha boa mentira e déixame entrar no ceo.

Tiña catro fillos e encargoulles:

-Cando morra tedes que me levar ao lombo ata o camposanto, nada de coche fúnebre, que ben sabedes que teño tendencia a marearme nas viaxes de automóbil.

Morreu no tempo dos estralotes, non lle puideron cumprir o de morrer o día das [peghotas](#), pero si o de levar os catro o cadaleito, no fúnebre só ían as coroas.

Para o Sr. Gumersindo das Pireiras A Coruña sempre foi a capital máis importante do mundo:

-Eu nunca tiven un peso pero se o tivera ía vivir uns días á Coruña. O seu fillo Manolo foi traballar un tempo a Viveiro. O pai non daba sabido moi ben onde quedaba esa vila, que se por enriba de Lugo... que ...

-Que Viveiro dá á mar, Gumersindo, á mar do norte, do Cantábrico -díxolle o Sr. Pegerto o domingo no adro despois da misa.

-Ai logo ise é o mar que pasa pola Coruña, hache ser ben bonito Viveiro.

A súa muller, a Sra. Carmiña, de oito partos só logrou tres fillos e unha filla, que daquela había moita mortalidade infantil.

-Comeu unha cunca de sopas, metino no berce e quedouse coma un paxariño, meu rei! -contaba a señora Carmiña nunha das mortes e remataba toda contenta- o meu meniño morreu farto, recoiro.

E para rematar, unha sentenza: "*Cuba me lo dio, Cuba me lo quitó*" repetía a Señora Ilda da Lagoa de Antela para dar a entender que hai que procurar a vida, ser cobizoso pero sen ter envexa do que teñen os demais. Un xeito de vida, claro.

Xa ves canta xente máis variada pasou preto do teu avó, Aldán!

Non podo rematar esta escolla de fotos e contos sen agradecer aos meus mestres contadores todo o que deles aprendín.

*Meu pai, o **Xan de Baixo**, que comezaba un conto e íanlle saíndo diversificacións, pólas secundarias, pero nunca perdía o fío.

*Miña nai, a **Pilar de Baixo**, antes Pilariña do Guerra, mestra de ditos e fraseoloxía que xa foi publicada en revistas especializadas.

*Meu padriño, **Don Angel**, o cura do Incio, que sempre tiña unha historia adecuada a cada feito.

*Meu tío, o **Manolo do Tío Bernardo**, verdadeira memoria viva de familiares e veciños.

*E os meus admirados escritores **Álvaro Cunqueiro** e **Ánxel Fole**.

Se algo de interese teñen para ti ou para outros lectores todas estas historias débese a todos estes meus mestres contadores, **Aldán**.



E para rematar, esta imaxe do 23 de xuño de 2016 na que o avó Moncho e o avó Anxo posan orgullosos co seu neto e don Ánxel Fole, o grande contador, en Lugo:

